

Inma Otero entrevista a María López Sáñez

María López Sáñez (Lugo, 1973), licenciouse en Filoloxía Hispánica, Inglesa, Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. Doutorouse na mesma universidade en Teoría da Literatura e Literatura Comparada. Actualmente exerce como docente no Ensino Medio e na Facultade de Ciencias da Educación da USC. O seu labor investigador e ensaístico reflíctese, entre outras obras, en *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio* (Galaxia, 2008) que se fixo co Premio Ramón Piñeiro de ensaio en 2007. Como autora de ficción ten publicado *A forma das nubes* (Galaxia, 2012) á que se lle concedeu o Premio Narrativa Breve Repsol. Á volta deste marzo de 2015 chegará ás librarías a súa novela *O faro escuro*.

*No teu ensaio, Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio, sinalas a utilidade dos textos literarios, tanto en sistemas culturais hexemónicos como nos minorizados, como construtores de nación. Pensas que isto se mantén na actualidade?*

Se o levas a un plano máis abstracto, é dicir, en que medida a ficción serve para construír os imaxinarios, creo que iso é válido en calquera momento histórico. Toda a produción cultural ten un papel moi activo á hora de construír os valores, as imaxes, os modos de pensar, e tamén os imaxinarios colectivos, dentro dos cales está a construción das nacionalidades. Se falamos de imaxinarios nacionais claro que pensamos en certos momentos históricos; o propio nacionalismo ten o seu punto de comezo no século XIX. Si que ao mellor na última década, pódense percibir certos cambios no que son os imaxinarios nacionais. Incluso se está a falar dun paradigma posnacional. Que a posmodernidade provoque a quebra de todos os metarrelatos tamén afecta á construción do relato nacional. Facémonos conscientes do xogo que hai implicado na construción deste relato e esa consciencia tamén afecta ao propio funcionamento do mecanismo. Agora, se se leva máis alá do que son os imaxinarios nacionais, ao que son os imaxinarios sociais no sentido máis amplo, eu creo que a ficción, a literatura e toda a produción artística ten un papel absolutamente decisivo.

*O cerne do teu ensaio constitúeo a relación entre o espazo natural, a paisaxe mesmo, e a identidade nacional, e como isto se reflicte discursivamente nas obras de ficción. Detéctase en moitas das narracións galegas dos últimos anos a incorporación de espazos alleos a Galicia, moitos canónicos como o mundo anglosaxón. Como valoras a irrupción destes novos espazos? Poderían obedecer á estratexia de simular unha “falsa” (ou non) normalidade?*

O feito de que nos fagamos conscientes de como se construíu o discurso nacionalista máis tradicional, e de como deconstruímos ese mecanismo, en certo xeito afecta.

Tamén se ten falado de que finxir a normalización é unha estratexia normalizadora. Pero eu creo que a causa non está tanto aí como nos referentes dos novos escritores, porque escribimos tamén coas propias referencias literarias. A ficción actúa sempre con repertorios. O peso do anglosaxón neste momento é moi forte e entre as novas xeracións de escritores iso tamén ten se percibe. O seu mundo de referencias de lecturas está máis globalizado e iso emerxe na literatura.

*Cres que podería obedecer á procura dunha obra máis comercial? Que se puidese exportar con máis facilidade?*

Eu non creo que sexa por un factor comercial, porque non creo que sexa un elemento que mellore o mercado potencial do texto. Mesmo o factor moi comercial dos escritores nórdicos que fan novela negra en espazos moi específicos demostra que iso non é así. De feito eu creo que a propia realidade galega podería moi facilmente servir como un compoñente de atracción de mercado. Ao mellor o paso que cómpre dar é ese, se é que non se deu xa, o dunha presentación da propia realidade galega que si pode vender fóra. Sempre hai tendencias centrípetas e centrífugas, e as microrrealidades tamén interesan e exercen fascinación.

*Defendes que a creación dun imaxinario nacional nun sistema minorizado sempre se tenta desmitificar desde os sistemas hexemónicos, acusándoos de falsos, ficticios ou manipuladores, quizais porque non existe a consciencia de que os seus sistemas tamén naceron así. Pensas que se segue esta dinámica na actualidade? As lecturas da literatura galega que se realizan desde fóra fanse desde esta perspectiva?*

Habería que diferenciar dous niveis. O nivel máis teórico, do pensamento, dos intelectuais, e o nivel da ficción e dos lectores. Nas nacións asentadas, ese proceso de asentamento nacional a través dos textos foi anterior, e precisamente polo propio asentamento deixa de ser percibible o mecanismo, está naturalizado. Pero na propia historia da inclusión das literaturas nos plans de estudos, a perspectiva nacional que no século XIX se inseriu nos sistemas educativos é moi reveladora do papel que se lle deu á literatura como construtora de identidades. O que ocorre novamente é que no galego o proceso está moito máis próximo, ponse case en marcha trala morte de Franco e polo tanto a día de hoxe segue sendo visible. No plano dos lectores, eu creo que en boa parte dos receptores espontáneos non hai un pensamento tan explícito sobre estes problemas. O que pode haber é unha dificultade de que os textos en galego cheguen dunha maneira pouco contaminada a un número amplo de lectores. Eu creo que se realmente houberse un mecanismo áxil e fluído de traducións, moitos textos galegos serían perfectamente recibidos sen apenas disonancias derivados de todo isto. E posiblemente fóra do Estado español sería máis doado porque hai maior distancia respecto a todas estas cuestións.

*E que precisaría, na túa opinión, a literatura galega para darse a coñecer noutros contextos?*

Unha aposta decidida polas traducións e tamén unha República das Letras máis universal. Agora mesmo creo que hai unha evolución nos programas de estudo, aínda tímida, pero ese mesmo paradigma do que se deu en chamar o posnacional e a perda da independencia curricular da literatura para fusionarse co lingüístico supuxo o desdebuxamento dese canon nacional tan estrito, e penso no ensino de literatura castelá. Cada vez se incorpora unha visión máis universal. No ámbito da literatura galega tamén se fai pero quizais aínda en menor grao, ao mellor porque aínda se percibe máis a necesidade de asentar iso que non está aínda totalmente asentando. Pero si que houbo un dinamismo de tradución moi importante, entón, igual que aquí hai ese achegamento en galego a literaturas de fóra, debería suceder á inversa; que haxa máis circulación de textos, que poidan chegar a lectores de distintos espazos. Iso lévanos a mecanismos de mercado, a apostas de editorias, con todo o problema que ten neste momento. Eu creo que esta propia iniciativa, facer recensións, presentar textos, facer circular ideas, podería ser útil. E igual tamén dependemos dese editor que atope unha faísca de interese e queira apostar por textos. Por exemplo, non vou mencionar Italia, pero sempre intuín que o meu texto funcionaría moi ben no mercado francés.

*Hai uns meses coñeciches lectores alemás da túa primeira novela no marco do Europäisches Festival des Debütroman de Kiel, feira literaria á que acoden escritores de toda Europa. Como foi ese encontro cos lectores alemás?*

Foi unha experiencia fantástica. É un festival que se chama “Festival primeira novela”. Convidan a escritores de toda Europa que publicaran a primeira novela, con exclusión do mundo anglosaxón, supoño que porque entenden que eses escritores xa teñen unha posibilidade de difusión. Traduciron fragmentos das doce novelas ao alemán e fixemos lecturas; os autores faciamos a lectura en lingua orixinal e logo actores e actrices profesionais facían unha lectura do texto traducido. Había encontros de escritores, de editores, en ocasións todos xuntos e en ocasións agrupándonos por gremios. Despois tiñamos encontros máis informais e todo o mundo se achegaba a preguntar, xerábase moito debate sobre como eran as diferentes literaturas, interesábanse moito por preguntar o que era Galicia, o mercado e a escritura galega. Eu creo que igual que pasou no mundo da música, onde a crise do disco como formato levou máis á música espectáculo, á vivencia do concerto en directo, poderíase aplicar isto á literatura; que haxa encontros, certo nivel de *performance* ou vivencia comunitaria do texto.

*Imos xa á túa primeira novela. A querenza polo espazo, elemento vertebrador de Paisaxe e nación, detéctase tamén en A forma das nubes. Predomina a encadenación de imaxes e a visión do amor, da memoria, incluso do paso do tempo, como paisaxes,*

*con vento, con temperaturas, con cores, con iluminación, con estímulos que provocan emocións. Como se relaciona a túa obra de ficción e a ensaística? Prefires unha concepción espacial da literatura á unha temporal?*

Creo que forma parte dunha continuidade na maneira de ser e pensar. Cando empecei co traballo de indagación que despois levou ao ensaio, eu partía de que para min, como lectora, as descrições de espazos tiñan moita importancia polo seu papel na creación da atmosfera, a xeración de emocións; interesábame moito como un texto xera un espazo e como o espazo condiciona o achegamento do lector. Iso está na raíz do ensaio e está tamén na raíz da escrita da novela: a dimensión máis plástica do mundo literario, que aparentemente é algo que traballa con palabras, pero ten esa capacidade para que visualicemos. A dimensión máis sensorial do literario interesábame moito. Se un mira a historia da literatura, a parte de que a paisaxe é un dos grandes temas poéticos de sempre, vemos como moitos tópicos literarios teñen que ver con espazos. Por outra parte, na vivencia anímica o espazo é prioritario; mesmo na nosa historia persoal, tendemos a lembrar máis en termos de espazo ca en termos de tempo. Hai espazos asociados a cada momento da miña vida que dalgún xeito son os que trasportan a emoción, o que ti fuches nun momento dado queda fixado nun espazo. As grandes metáforas existenciais tamén teñen dimensión espacial, desde o camiño como vida, o mar... é como se os espazos invitasen á reflexión. Dalgún xeito no título de *A formas das nubes* está esa idea de mirar a fóra e intentar dotar de sentido, interpretar.

*A memoria ten un papel importante na túa obra e ata o tempo, a reconstrución do pasado, faise como se fose un espazo. Cres entón que a memoria recupera o tempo en clave espacial?*

Eu creo que si, xa desde *A procura do tempo perdido*, a memoria está espacializada, os espazos son máis prioritarios para o recordo que o propio tempo, que moitas veces queda moito máis diluído. Hai moitas outras cousas na cuestión do tempo e o espazo. Ao longo da historia, a correlación entre tempo e espazo tamén se cargou de connotacións de xénero, asociando o tempo á axencialidade masculina e o espazo a esa especie de pasividade ou de permanencia do feminino. Entón moitas veces hai metáforas de espazos como mulleres e de mulleres como espazos. E todo iso tamén me interesaba.

*De feito, outro dos temas da novela é precisamente a identidade subxectiva dunha muller que se reconstrúe a si mesma case como se fose unha paisaxe.*

No que ten de reflexión sobre identidade, o esencial si que é aplicabale a ambos xéneros: a problemática para integrar unha identidade fragmentada, que é a idea que hai no tema das nubes, é dicir, unha multiplicidade de formas nas que intentas ver unha forma unitaria. Esa idea de construír unha identidade a pesar das fracturas que o

tempo introduce, ao mellor é un aspecto patolóxico, como apunta a voz narratorial. Talvez non todo o mundo necesita dotar dun sentido a sintaxe das secuencias da vida, pero a protagonista percíbeo como unha necesidade para comprenderse a si mesma.

*Tes comentado que a algúns lectores sorprendeulles a mestura de sensualidade e violencia, sobre todo na descrición dalgunhas escenas entendidas como eróticas. A que pensas que se debe esa estrañeza?*

As reaccións creo que se deron máis na xente que me coñecen a min. É máis un tema ligado ás imaxes que un se constrúe das persoas. Non creo que internamente na novela haxa unha disonancia que resulte rechamante porque penso que beleza e violencia, ou sensibilidade e traxedia, na propia vida están moi intimamente unidas. Fundamentalmente as escenas máis eróticas son as que, ao mellor, máis fixan a atención dos lectores. Incluso lin algunha recensión en clave erótica, cando eu creo que o erotismo está presente na novela, como está presente na vida, pero non é o central. Para min o central é o identitario: a loita por preservar o sentido.

*Cres que esas lecturas se deben a que algunhas escenas de erotismo están asociadas á maternidade?*

Eu creo que non é por iso, aínda que é certo que na nosa sociedade hai unha disociación entre a figura maternal e a figura da muller desde o punto de vista máis erótico, pero eu penso que é por outro motivo. A presenza do erotismo na literatura tende a estar máis nesgada: hai libros que son claramente eróticos, que se van comercializar como tales, e logo hai obras máis reflexivas onde, se aparece unha escena erótica, non se escribe desde dentro, mantense unha fronteira. E aquí non se mantén. Non é unha novela erótica, pero cando aparece un encontro deste tipo descríbese desde a vivencia. Eu creo que hai moitos libros que tratan a construción da identidade a través dun personaxe masculino huraño, solitario. Estou a pensar en textos como os de Herman Hesse. Estamos afeitos a que a angustia existencial veña dada máis desde o lado do home, porque é como se a muller na construción de xénero estivese moi ancorada aos problemas vitais da maternidade, da supervivencia, do elemento cotián. O personaxe máis envorcado no seu propio ser foi tradicionalmente un home. Aquí hai algo diso no sentido de que hai unha persoa que no fondo si se sente moi soa no acto de reflexión, pero iso non implica que non estea moi ligada ao mundo, ás cousas, e ao erotismo tamén.

*Está chegando ás librarías a túa última novela, O Faro escuro, protagonizada por unha brillante xornalista que desaparece. Cales son as diferenzas fundamentais coa novela anterior?*

No aspecto do xénero literario hai unha diferenza importante porque *A forma das nube* rozaba máis co lírico e esta é unha novela máis narrativa, máis ligada a un elemento de intriga e polo tanto cunha construción na que a secuencialidade das

pezas é moi clara. Hai unha xornalista, pero non é a única protagonista; hai outra personaxe feminina tamén moi relevante. Se en *A forma das nubes* aparecían tres personaxes femininos que son moi distintos na súa vivencia das emocións e da sexualidade, aquí o centro é a toma das decisións, que no fondo conecta moito coa novela anterior. Se en *A forma das nubes* había un acto intelectual de contemplar un mosaico e dotalo de sentido, aquí é o mesmo pero a través da reflexión sobre as decisións que tomamos, que no fondo é o que conforma a vida que facemos. As nosas vidas están cheas de microdecisións, pero hai momentos en que a importancia dunha decisión se volve máis transparente porque dela depende a vida ou a morte. Eu intentei crear unha situación narrativa, na que hai dúas mulleres e un home, que se ven sometidos a decisións en situación de urxencia na que se xogan a vida, para ver que decisión tomaba cada un, desde a racionalidade máis fría ata a impulsividade e a emoción máis pura, e dalgún xeito, para que os propios personaxes se miren uns a outros contemplando como deciden os demais.